



PRACTICA A COMPOSTAXE

A finalidade deste programa de educación ambiental é divulgar a **compostaxe** como método de **tratamento dos residuos orgánicos** a pequena escala no propio fogar ou no barrio subministrando os coñecementos prácticos e o asesoramento individualizado preciso para mellorar esta práctica, consolidándoa como unha **alternativa ecolóxica** e de futuro.

Mediante esta práctica pretendemos xestionar de maneira ecolóxica os residuos orgánicos domiciliarios, sen necesidade de recollida nin transporte e facilitando a súa conversión nun **fertilizante orgánico**, o cal permite pechar o ciclo da materia orgánica na natureza.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

-  [Compostaxe caseira e comunitaria - ADEGA](#)
-  [Manual de compostaxe - ADEGA](#)



MICRO - EXPERIENCIA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

www.adega.gal

PRACTICA A COMPOSTAXE


A nosa sociedade atópase ante un problema que ten que afrontar, tanto dende o punto de vista ambiental como económico: a xestión dos residuos sólidos urbanos (RSU). É dicir, o lixo.

As galegas e galegos xeramos aprox. 1 kg de lixo por persoa ao día, Sumando os residuos da depuración e da construción, chegamos aos 3 kg/hab/día. Na industria xéranse tamén uns 0,5 kg/hab/día de residuos tóxicos e perigosos, e considerando os residuos da industria e da minería, superamos os 60 kg/hab/día, cifra que pode sobrepasar o cento se temos en conta os residuos agrogandeiros.



MODELO DE VIDA INSUSTENTABLE

O vertido de residuos e a súa incineración teñen graves consecuencias ambientais. Os camións de recollida e o seu percorrido diario encarecen todo o proceso e os custos seguen en liña ascendente dende hai varios anos. Ademais os residuos orgánicos do lixo doméstico degrádanse e orixinan solos e augas putrefactas. Temos así a aparición de focos infecciosos puntuais, zonas degradadas e contaminación das augas.



MICRO - EXPERIENCIA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

www.adega.gal

PRACTICA A COMPOSTAXE

Máis da metade do lixo xerado na nosa sociedade é materia orgánica fermentáble. É a fracción máis limpa, libre en orixe de tóxicos, que pode ser reciclada mediante procesos naturais.

Tradicionalmente aproveitábanse os residuos orgánicos no rural para alimentar o gando e para abono → **estilo de vida autosuficiente**. É unha práctica que hai que recuperar e difundir polas súas enormes vantaxes, sendo un exemplo da aplicación dos principios da **redución, reciclaxe e reutilización (3R)**.

AS VANTAXES DA COMPOSTAXE SON MÚLTIPLES

SOCIAIS

Contacto das persoas coa natureza, cohesión social, ferramenta de educación ambiental, comodidade...

ECONÓMICAS

Obtención de abono, aforro na xestión de residuos polo concello e en substrato para xardinería...

MEDIOAMBIENTAIS

Paliar o cambio climático, reducir emisións de CO₂, favorecer a fertilidade da terra...

AS POSIBILIDADES DA COMPOSTAXE SON INFINITAS

Na casa, na comunidade, na escola, na universidade, nas hortas urbanas, na hostalaría...



MICRO - EXPERIENCIA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

www.adega.gal

PRACTICA A COMPOSTAXE

En ADEGA levamos case 20 anos realizando programas de compostaxe por toda Galiza. Chegamos a milleiros de fogares e podemos afirmar que esta iniciativa foi todo un éxito.

O programa de compostaxe ten unha duración prevista de **7 meses** que é o tempo que tardan os residuos orgánicos en transformarse en **compost**, así podemos facer un seguimento de todo o proceso.


A COMPOSTAXE EN 6 PASOS

Dende a nosa asociación queremos agradecerlles a todas as persoas participantes do programa de compostaxe, así como as entidades, concellos e medios de comunicación que decidiron apostar por este modelo de xestión.

E ti... aínda non tes o teu composteiro? Anímate!

CONTACTA CON NÓS

981570099 / 628378804
compostaxe@adega.gal



MICRO - EXPERIENCIA DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

www.adega.gal